



ASUNTO: CONVOCATORIA DE AXUDAS DE LIBROS E MATERIAL ESCOLAR 2021-2022

Prezadas familias:

O pasado venres, día 21 de maio, comezou o prazo para solicitar as **axudas de adquisición dos libros de texto** para o curso 2021/2022 (*para alumnos de 1º e 2º de Educación Primaria*) e para participar **no fondo solidario de libros de texto** (*alumnos de 3º, 4º, 5º e 6º de Educación Primaria*), así como para a **axuda de material escolar** para todos os nenos e nenas de Educación Primaria.

DOCUMENTACIÓN:

1. Solicitud (Anexo I). A solicitude será única para todos os fillos que estean admitidos no mesmo centro docente para o curso 2021/2022, e nela especificarase o nivel de estudos que espera realizar cada un deles no citado curso.
2. Anexo II (comprobación de datos dos membros computables da unidade familiar)
3. Copia completa do libro de familia.

E cando concorran as circunstancias correspondentes:

- Sentenza xudicial de separación ou divorcio e /ou convenio regulador onde conste a atribución da custodia do menor.
- Certificado de discapacidade do/da alumno/a ou calquera membro da unidade familiar *non expedido pola Xunta de Galicia*.
- Documentación xustificativa de violencia de xénero.

(Os documentos deben reflectir a situación persoal, familiar e económica o 31 de decembro de 2019, agás no caso de violencia de xénero).

PRESENTACIÓN

As solicitudes **presentaranse** preferiblemente por vía electrónica no formulario normalizado (Anexo I) dispoñible na aplicación informática "**fondolibros**" (<https://www.edu.xunta.es/fondolibros>) a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>.

Opcionalmente, poderanse presentar na secretaría do centro ou en calquera dos lugares e rexistros establecidos pola normativa reguladora do procedemento administrativo común.

A solicitude tamén estará dispoñible:

- No portal educativo <http://www.edu.xunta.gal>
- Nas xefaturas territoriais da consellería competente en materia de educación
- Na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>
- Na secretaría do centro.

O prazo remata o 22 de xuño de 2021.

A información completa atópase na **Orde de 6 de maio de 2021 da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, publicada no DOG do 20 de maio de 2021.**

Ante calquera dúbida sobre a tramitación deste proceso prégame contactar coa secretaría do centro (886 120 115- Esther)

Moitas grazas